

# **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E LABORATORIOS NOVO NORDISK PHARMA, S.A. PARA A ACTUALIZACIÓN DO PROCESO ASISTENCIAL INTEGRADO DIABETES MELLITUS TIPO 2**

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2022

## **REUNIDOS**

**DUNHA PARTE:** D. Julio García Comesaña, Conselleiro de Sanidade e Presidente do Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo adscrito a esta Consellería, actuando en nome e representación deste último, de conformidade co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e cos Decretos 136/2019 e 137/2019, de 10 de outubro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; e co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

**DOUTRA PARTE:** D. Rodrigo Gribble, actuando en nome e representación de Novo Nordisk Pharma, S.A., na súa condición de Director Xeral en España, con oficinas na rúa Vila dos Poblados 3 – Madrid 28033 e NIF A-28081495.

Recoñecéndose as partes capacidade xurídica suficiente para subscribir o presente convenio.

## **MANIFESTAN**

I. De conformidade co previsto no artigo 92 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia, o Servizo Galego de Saúde configúrase como organismo autónomo de natureza administrativa adscrito á Consellería de Sanidade, creado por Lei 1/1989, do 2 de xaneiro do Servizo Galego de Saúde, con personalidade xurídica de seu e plena capacidade para o axeitado desenvolvemento das competencias que no ámbito sanitario lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia.

O artigo 94 da mesma lei contempla entre as súas funcións a promoción da docencia e a investigación en ciencias da saúde, no ámbito dos centros, servizos e establecementos sanitarios

asistenciais, así como o desenvolvemento de programas de calidade e mellora da práctica clínica e de mellora de xestión.

Por outra banda, o artigo 136 da citada Lei 8/2008 prevé, no eido da coordinación interdepartamental da atención sociosanitaria, que a Consellería de Sanidade fomentará actuacións integrais sociais e sanitarias ante aquelas circunstancias de dependencia, cronicidade, discapacidade ou outras en que a cooperación leve consigo vantaxes sociais e asistenciais.

II. Así mesmo, a Consellería de Sanidade, a través do Servizo Galego de Saúde, ten como un dos seus obxectivos a prevención e a atención sanitaria. A súa finalidade é impulsar, planificar, coordinar e avaliar as actuacións levadas a termo para mellorar o proceso de atención e, isto, coa implicación de todos os axentes do sistema de saúde e do sistema social, co fin de establecer un marco de actuación integral.

Outro dos obxectivos relacionados é a mellora da utilización dos medicamentos, tanto na atención primaria de saúde como na atención hospitalaria e sociosanitaria. Neste sentido, unha das liñas de actuación consiste no impulso de actividades dirixidas á mellora de aspectos como a educación sanitaria dos/das pacientes e cidadáns/cidadás e o bo uso dos medicamentos, a súa adherencia aos tratamentos prescritos, a formación científica dos/das profesionais sanitarios/as ou a investigación nestas materias, coa finalidade de mellorar a atención e o servizo de saúde aos/ás pacientes.

III. Pola súa parte, a Consellería de Sanidade ten entidades públicas adscritas e funcionalmente dependentes do Servizo Galego de Saúde ás que encomendar servizos e tarefas dentro do seu ámbito de actuación, como é o caso da entidade pública galega Axencia de Coñecemento en Saúde (en adiante ACIS) cuxa actividade principal é a docencia, a formación e investigación en administración e xestión sanitaria, sociosanitaria, saúde pública e asistencia sanitaria, de conformidade coas directrices emanadas da Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde.

IV. Que Laboratorios Novo Nordisk Pharma, S.A. ten por obxecto social e finalidades a investigación, o desenvolvemento e a fabricación e comercialización de medicamentos e produtos sanitarios.

Un dos seus obxectivos de innovación e procura é traballar para a calidade de vida dos/das pacientes que sofren enfermidades. Neste sentido a súa vontade é ofrecer produtos e servizos que lles axuden a mellorar a súa calidade de vida, á sociedade en xeral, e contribuír a xerar coñecemento e colaborar na mellora da calidade asistencial. En consecuencia, pode adoptar e

desenvolver actividades de investigación, formativas e de atención ao/á paciente crónico/a, contando coa colaboración e apoio científico, técnico e institucional dos/das xestores/as de servizos sanitarios.

A entidade quérese aliñar cos obxectivos dos demais asinantes expresados anteriormente, e implicarse como axente colaborador, en relación á mellora da atención sanitaria á persoa con diabeite.

V. As partes intervinientes plasmaron o seu compromiso de colaboración, sen prexuízo do seu desenvolvemento ulterior, na promoción da calidade asistencial, a mellora dos resultados en saúde e o acceso á innovación en diabeite, mediante a formalización dun convenio marco de acordo (Convenio marco de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e Laboratorios Novo Nordisk Pharma, S.A. para a promoción da calidade asistencial, a mellora dos resultados en saúde e o acceso á innovación das persoas con diabetes) o día 4 de agosto de 2021.

VI. Este convenio marco recolle na súa cláusula terceira, que para a materialización dos proxectos en desenvolvemento deberán asinarse acordos ou convenios específicos de colaboración.

VII. Na actualidade resulta prioritario para o Servizo Galego de Saúde actualizar o seu "Proceso asistencial diabetes mellitus tipo 2", cuxa última actualización se realizou no ano 2015, co obxectivo de orientar as actuacións dos/das profesionais no diagnóstico e seguimento do/da paciente con diabetes mellitus tipo 2 e así reducir a morbi-mortalidade asociada, a través da diminución da variabilidade asistencial e baixo criterios de calidade e eficiencia.

VII. Tendo en conta o anterior, as partes intervenientes acordan que Laboratorios Novo Nordisk Pharma, S.A. dea apoio ao Servizo Galego de Saúde na actualización do "Proceso asistencial integrado diabetes mellitus tipo 2", seguindo as pautas e liñas xerais contidas no convenio marco anteriormente nomeado e plasmando o seu compromiso de colaboración no presente convenio, de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### **Primeira. Obxecto**

A finalidade do presente convenio é materializar a colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Laboratorio Novo Nordisk Pharma, S.A co obxectivo de proceder ao desenvolvemento da actualización do "Proceso asistencial integrado diabetes mellitus tipo 2".

## **Segunda. Natureza xurídica**

O presente convenio ten natureza administrativa e, segundo o previsto no artigo 6.1, é un negocio xurídico excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

De conformidade co artigo 4 desa mesma norma, este convenio rexerase polas súas normas especiais, aplicándose os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

## **Terceira. Persoas destinatarias**

Considerando os obxectivos do "Proceso asistencial integrado diabetes mellitus tipo 2", xa nomeados neste convenio, serán destinatarios/as do mesmo os/as profesionais do Servizo Galego de Saúde, de todos os niveis asistenciais, con atención directa a persoas con diabetes mellitus tipo 2, así como os/as pacientes con este diagnóstico.

## **Cuarta. Obrigas das partes**

1. Para acadar o obxecto previsto na cláusula primeira, o Servizo Galego de Saúde e o Laboratorio Novo Nordisk Pharma, S.A acordarán un plan de desenvolvemento para a actualización do "Proceso asistencial integrado diabetes mellitus tipo 2".

2. O plan definirá os seguintes aspectos:

- a) o obxectivo principal
- b) o alcance do proxecto
- c) a metodoloxía de traballo, na que se especificarán dúas fases a levar a cabo: fase 1) diagnóstico de situación do manexo da persoa con diabetes mellitus tipo 2 en Galicia, e fase 2) actualización do proceso asistencial integrado da persoa con diabetes mellitus tipo 2. Concretaranse as actividades a desenvolver en cada unha delas, e os resultados de cada fase
- d) o grupo de traballo multidisciplinar e a súa composición
- e) o cronograma.

3. O Servizo Galego de Saúde e o Laboratorio Novo Nordisk Pharma, S.A comprométense a por a disposición do devandito grupo de traballo toda a información e medios que sexan precisos para

a consecución dos obxectivos do presente convenio no que se refire á promoción da calidade asistencial, a mellora dos resultados en saúde e o acceso á innovación das persoas con diabetes.

#### **Quinta. Non exclusividade e participación de terceiros**

Este convenio non limita ao Servizo Galego de Saúde para establecer acordos de colaboración con terceiros, se fose necesario, para accións relacionadas co obxecto do mesmo.

Cando as partes asinantes o consideren conveniente e compatible coas respectivas liñas e ámbitos de actuación, poderán acordar a participación de terceiras entidades, públicas ou privadas, neste proxecto.

En concreto, o Servizo Galego de Saúde poderá pedir a colaboración, entre outros, da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS), para a realización de actividades formativas e non formativas obxecto do seu ámbito estatutario de actuación e competencias propias, para o cumprimento dos convenios que se asinen entre as partes para o desenvolvemento do proxecto.

#### **Sexta. Propiedade intelectual**

A propiedade intelectual que puidera derivarse deste convenio estará suxeita ás disposicións legais vixentes na materia, en concreto, no Real decreto legislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual, aos artigos 53 e seguintes da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de Economía Sostible, así como nas normas establecidas pola Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde nesta materia.

#### **Sétima. Vixencia**

O presente convenio terá unha vixencia de un (1) ano a partir do día seguinte ao da súa sinatura, podendo prorrogarse, por acordo das partes, por un período de un (1) ano adicional. Todo isto de conformidade co previsto no artigo 49 h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

#### **Oitava. Resolución anticipada**

Serán causas de resolución do presente convenio, as seguintes:

- a) O común acordo das partes asinantes do mesmo, formalizada documentalmente.
- b) A imposibilidade, legal ou material, de dar cumprimento ás súas cláusulas.
- c) O incumprimento total ou parcial das súas cláusulas.

- d) A vulneración do deber de confidencialidade sobre os datos de carácter persoal ou de calquera outra obriga derivada da lexislación de protección de datos de carácter persoal.
- e) Ausencia de desenvolvemento do convenio específico.

### **Novena. Financiamento**

O proxecto desenvolvido será financiado integramente por Novo Nordisk Pharma, S.A. sen que implique compromiso de gasto para o Servizo Galego de Saúde, por este motivo non é preciso a consignación orzamentaria.

### **Décima. Comisión de seguimento**

1. Ao obxecto de velar polo cumprimento xeral das cláusulas do presente Convenio e coordinar as accións previstas, crearase unha Comisión Mixta entre o Laboratorio e o Servizo Galego de Saúde, integrada:

Por parte do Laboratorio:

- A Xerente Rexional de Relacións Institucionais en Galicia.

Por parte do Servizo Galego de Saúde:

- A persoa titular da Subdirección Xeral de Atención Primaria, pertencente á Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria.
- A persoa titular da xefatura de servizo de Atención Primaria, pertencente á Subdirección Xeral de Atención Primaria (Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria).

2. Serán competencias xerais desta Comisión:

- A avaliación do desenvolvemento do presente Convenio.
- O estudo e asesoramento respecto de cantas cuestións sexan sometidas á Comisión por calquera das partes.

Esta Comisión reunirse unha vez ao trimestre e nas circunstancias excepcionais que así o aconsellen.

### **Décimo primeira. Confidencialidade e protección de datos**

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, ademais do resto de lexislación vixente nesta materia, ambas partes comprométense a gardar a máis estrita confidencialidade respecto de calquera das informacións, datos e documentación de carácter persoal a que teñan acceso en

virtude do presente convenio e ao deber de gardalos, sen que poidan utilizalas para usos diferentes aos previstos no mesmo, e fan constar, de maneira expresa, que velarán polo cumprimento da normativa de protección de datos persoais de aplicación en cada caso. Estas obrigas subsistirán mesmo despois de finalizar as relacións negociables entre as partes.

#### **Décimo segunda. Xurisdición**

Este convenio marco ten natureza administrativa. As dúbidas que se poidan suscitar sobre a súa interpretación resolveranse de mutuo acordo entre as partes pola comisión de seguimento. Non obstante, en caso de persistencia do desacordo, corresponderá á xurisdición contencioso-administrativa resolver as cuestións litixiosas que poidan xurdir da súa interpretación e cumprimento.

#### **Décimo terceira. Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno**

A sinatura deste convenio de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poda facer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O presente convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E, en proba de conformidade, ambas partes asinan o presente Convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

Polo Servizo Galego de Saúde

Por Novo Nordisk Pharma, S.A.

Julio García Comesaña

Rodrigo Gribble